ANEXO 3: FENG SHUI – ZONIFICACIÓN

INTRODUCCIÓN 2

CONCEPTOS BÁSICOS NO FENG SHUI 3

a. A dualidade yin-yang 4

b. A enerxía vital ou “Chi” 5

c. Os cinco elementos 6

d. Escola da forma de escola do compás 7

ESCOLA DA FORMA. A TEORÍA DOS CATRO ANIMÁIS 8

ESCOLA DO COMPÁS. AS OITO DIRECCIÓNS 9

DESEÑO DO XARDÍN E ZONIFICACIÓN EN LUGAR DE CONGOSTRAS 26 11

VISIÓN DA ESCOLA DA FORMA 11

ORIENTACIÓN ESPECÍFICA E TÉCNICAS DA ESCOLA DA BRÚXULA 16

INTRODUCIÓN

O Feng Shui é un método de orixe chinés que estudia a natureza e a paisaxe, e como inflúen directamente na saúde e benestar do ser humano.

Dende o inicio da humanidade e sobre todo co nacemento da agricultura, o ser humano buscou patróns que se repetían para comprender o funcionamento das estacións, das influencias climáticas como os ventos dominantes, efectos da luz solar, posta e saída do sol, a lúa, influencias nos crecementos vexetativos, etc. e tamén as influencias das estruturas da paisaxe (montañas, ríos, lagos, bosques...) sobre o desenrolo da vida e as colleitas.
É a partir de esa observación de onde nace o calendario agrícola (calendario luar e solar) e sobre del, a antiga cultura chinesa desenrolou este método que pretende explicar a relación do ser humano co seu medio ambiente.

A súa antigüidade remóntase a máis de 4000 anos, e foi nas clases dirixentes onde naceu. Os antigos mestres de Feng Shui traballaban para os poderosos e estudiaban os lugares adecuados para asentar unha tumba (pola importancia da liñaxe e a crenza na vinculación directa dos mortos coa súa estirpe), construír palacios, buscar fechas adecuadas para eventos importantes, etc. tamén se utilizaba para facer obras de construción no pobo como murallas, embalses…con criterios que unían a parte transcendente e filosófica propia do taoísmo (moi vinculado a este coñecemento) coa parte práctica.

O seu nome significa "**vento e auga**" e ilustra que o vento transporta a enerxía vital ou "*chi*", presente en toda a natureza (en todo o que existe) e a deposita en diferentes lugares en forma de auga, que é o mesmo que dicir que o movemento do aire trae os elementos necesarios para que se desenrole a vida.
Para que esa chegada de nutrientes poida darse, debe atopar un terceiro elemento que pare o vento, que sería a "montaña" onde bate o vento xerando a caída da choiva.
Se non hai vento (chegada de enerxía) ou non atopa nada que "o pare" ou controle, non pode haber auga ou riqueza enerxética, do mesmo modo que non habería choiva na natureza.

Observouse que os pobos máis prósperos eran os situados nos lugares máis húmidos e polo tanto, máis fértiles, onde o vento, estaba controlado polos elementos da paisaxe (do mesmo modo que hoxe usamos os cortaventos). Tamén que en lugares con exceso de vento e seca, con formas agrestes do terreo, era máis difícil vivir e xurdía enfermidade na terra e nas persoas; comprobouse que o mellor lugar para establecer unha vivenda non era nin na cume da montaña, nin pegado o río. E víronse moitas secuencias que se repetían, formando patróns repetitivos que sucedían igual cando os elementos da paisaxe viñan creados pola man do home.

Estudiaban os ciclos do sol e da lúa, as características propias de cada dirección e como afectaban segundo a orientación concreta dos campos e vivendas, de maneira que pouco a pouco, xurdiron máis e máis técnicas de traballo que daban lugar a "ecuacións matemáticas" válidas para encontrar solucións a diferentes problemas.

Alén diso, estableceuse unha relación directa entre espazo e a saúde gracias a vinculación coa Medicina Tradicional China (sistema médico con máis de 5000 anos de historia), cuxa ferramenta máis coñecida en occidente é a Acupuntura; os principios dos cinco elementos e da relación do yin-yang por poñer dous exemplos (conceptos que serán explicados no seguinte apartado) funcionan do mesmo xeito no corpo humano do que para o Feng Shui, sucede no planeta, podendo facer unha liña que os conecta e integra o ser humano completamente co medio.

Establecendo un símil, o planeta sería o corpo enteiro e os elementos da paisaxe e o ser humano, órganos distintos e células individuais con funcións e fisioloxías moi diferentes pero conectados entre si.

CONCEPTOS BÁSICOS NO FENG SHUI

O Feng Shui non ten un carácter puramente pragmático ou puramente espiritual, é ambas cousas. En oriente en xeral e china en particular, non se pode desvincular o mundo físico do mundo espiritual; igual que vemos nos deseños de xardín xaponeses (por poñer un exemplo accesible) para as antigas culturas todo está habitado ou animado por unha existencia propia. Pero a diferencia de nos, que separamos ciencia e relixión ou razón e fe, eles integran ambos conceptos. Por exemplo o concepto de "*chi"*, ou enerxía esencial da natureza, ten unha parte abstracta pero tamén refírese ós átomos e moléculas que conforman un corpo, que ten unhas cargas eléctricas, unha masa, e por tanto unha enerxía. Pode ser un concepto físico ou englobar nesa mesma palabra unha parte máis transcendente, sen que unha forma de velo invalide á outra.

Neste contexto cultural e filosófico, os antigos mestres recoñeceron 3 forzas que operaban no universo e influían no ser humano. Chamáronlle as **tres forzas** e consisten en:

- A **Sorte do Ceo**. Ven determinada pola fecha exacta (hora, dia, mes, ano) do nacemento. O calendario agrícola marca cal é a configuración exacta da enerxía de cada dia e do mesmo xeito que inflúe por exemplo no momento de plantar unha árbore, o ser humano absorbe ese patrón coa súa primeira respiración.
  Este coñecemento permite identificar a cada persoa que nace cun "DNI" concreto en base a teoría dos cinco elementos (cales son excesivos, faltan, están en conflito….) e pode dar explicación as súas características de saúde ou personalidade.
  Por poñer un exemplo que podemos comprender, unha persoa pode nacer sendo unha maceira e outro sen embargo será unha figueira ou un piñeiro. E ademais diso, cada un pode nacer no mes de marzo ou no mes de novembro; obviamente as circunstancias que rodean a esas árbores son moi diferentes e a súa fortaleza e resistencia as enfermidades ou inclemencias do tempo tamén.
  O Feng Shui considera que coñecendo como somos de base, podemos poñer as medidas necesarias para sacarnos maior partido nas debilidades.

- A **Sorte do Home**. Fala do libre albedrío do ser humano, da súa educación, empeño en afrontar dificultades, das circunstancias que rodean o nacemento e a vida enteira.

Nos mostra que unha persoa con malas circunstancias, pode desenrolar precisamente por esa falta de ferramentas persoais a prior unha forza e un tesón que axudaralle a manexar a súa vida sabiamente.

- A **Sorte da Terra**, que trata especificamente ó campo de estudio do Feng Shui: o planeta. Refírese a todos os elementos naturais ou creados polo home que rodean as vivendas e que en definitiva constitúen o medio ambiente no seu amplo sentido da palabra.
  Se temos un ambiente onde non se da un certo equilibrio entre as formas e o os diferentes elementos xurdirá enfermidade ou falta de facilidade para xerar prosperidade.
  Nun caso práctico sería como ter unha finca que non pode xestionar o exceso de auga que provoca a escorrenta da choiva posto que hai unha pendente mal peraltada e non poderemos levar a bo termo unha plantación que nos poida xerar prosperidade económica, posto que haberá anegamento do terreo.

  Este exemplo é fácil de entender porque referímonos a exemplos visibles, medibles. Pero ¿e se en lugar de falar da auga de choiva e o desenrolo dunha colleita, extrapolamos a idea ó interior dun edificio? : o exceso de auga que ven do regato ten a mesmo tipo de enerxía que por exemplo falar de exceso de humidade na construción, agravada por falta de luz no sector norte da casa e colores fríos. Provoca se durmimos nese lugar, que teñamos un exceso de frío e humidade que se mete no corpo e debilita os órganos máis sensibles o frío: os riles, cos efectos que pode ter para a saúde física e tamén mental.
  O exceso de auga, física ou simbólica, provoca problemas que son desfavorables tanto para os vexetais como para o ser humano.

Tras coñecer as tres grandes patas que sosteñen a existencia do ser humano segundo a filosofía chinesa, veremos agora unha serie de conceptos básicos para poder seguir comprendendo que é o Feng Shui e facelo máis entendible á hora de explicar que precisa mellorar a propiedade obxecto deste proxecto.

a) A dualidade Yin-Yang

O concepto do equilibrio yin-yang é o xogo interactivo das dúas forzas opostas e complementarias (masculina e feminina) que na natureza dan lugar a toda a vida. Unha é incompleta sen a outra e existen por comparación coa primeira. O movemento entre elas, é o que crea o dinamismo da vida. Existe frío-calor, dia-noite, alto-baixo, claro-escuro….en cada cousa que podamos pensar, vemos o seu oposto. Simbolízase tradicionalmente por un circulo branco e negro onde un garda a semente do outro, do mesmo xeito que cando o sol alcanza o seu punto máis alto, comeza a baixar ou cando a noite se fai máis escura, esta preto o amencer ou como cando por estar moi frío o xeo queima.

O equilibrio entre eles é fundamental no correcto desenvolvemento da vida. Por este motivo, o Feng Shui analiza se nun lugar, estas forzas están acordes o seu fin ou temos un exceso ou déficit dalgunha. Nun xardín por exemplo, podemos ter un exceso de enerxía yin cando hai escuridade, vexetación demasiado tupida, exceso de humidade….ou de enerxía yang se hai demasiada insolación, demasiadas cores que non forman un equilibrio, demasiado vento….

Moitas veces, o sentido común vai da man do Feng Shui, e así debe ser, porque non se trata de descubrir algo novo ou máxico, senón de comprender as forzas que nos rodean e aprender a vivir en harmonía con elas. Exemplos disto serían:

YIN	**YANG**
Muller	Home
Lúa	Sol
Sombra	Luz
Noite	Dia
Escuridade	Brillante
Tranquilidade	Movemento
Pasivo	Activo
Ascendente	Descendente
Receptivo	Creativo
Terra	Ceo
Mai	Pai
Flexible	Sólido
Expansión (receptáculo)	Contracción (nun punto)
Auga	Lume
Pequeno	Grande
Atrás	Diante
Norte	Sur
Negativo	Positivo
Sentido contrario as agullas do reloxo	Sentido das agullas do reloxo

b) A enerxía vital ou Chi

O Chi ou enerxía vital é a forza que existe en todos os seres vivos e no medio ambiente. É o campo de enerxía que forma todos os corpos e que como o aire, pode ser sentido pero non visto polos nosos ollos (normalmente, a non ser que teña por exemplo area en suspensión). Sería falar da configuración molecular dos elementos pero cun sentido máis amplo, máis profundo que só referido as leis físicas.
Como a auga, flúe de arriba a abaixo e como a luz, viaxa a través das aberturas e o cristal limpo.
Cando o fluxo de chi e turbio (porque flúe moi rápido ou lento, porque está bloqueado ou estancado…) o corpo ou o xardín experimentan enfermidade. Da mesma forma, no medio ambiente o chi pode ser agradable e suave (sheng chi) ou demasiado rápido e cortante (sha chi).
O Feng Shui busca atrapar o sheng chi, evitar o sha chi e disipar o chi estancado.

Para isto, prestaremos atención á entrada dun lugar e a posterior distribución nel, así como a atención visual que os diferentes elementos xeran (porque todo o que atrae a atención, atrae o chi. Vai coa mirada). Trátase de atraer o que quero e ocultar o que non me fai ben, por exemplo cando teño algo desagradable na miña propiedade e que non poido evitar ter, tratarei de evitar poñelo a vista, do mesmo xeito que potenciarei o bo que teño e guiarei as persoas ata chegar a onde quero que vaian.

c) Os cinco elementos

Son as cinco calidades ou formas nas que o chi se expresa na natureza. Sería a visión da cultura china dos nosos catro elementos esenciais; eles observaron cinco, que se relacionan cos ciclos da natureza, as estacións, horas do día, elementos naturais e creados polo home, etc...

Madeira: A enerxía da mañá e da primavera. Esta enerxía simboliza nova vida, rápido crecemento, expansión, esperanza e novos comezos. É a característica das plantas e árbores, os rañaceos e de todo aquelo que sexa nacemento e dinamismo. Ten que ver coa creatividade, a ansia de facer cousas, a enerxía dos nenos, as novas ideas....A súa cor é o verde.

Lume: A enerxía da maña xa preto do mediodía e do verán. Simboliza o cénit de actividade, o florecemento pleno e a madurez, o calor, a luz. Exemplos de enerxía de lume son: o sol, luces, lume de cociñar, velas…É a enerxía do éxito social, da iluminación y da alegría; todo o relacionado coa plena actividade. As cores son vermello, lila, rosa e granate.

Terra: É a enerxía de primeiras horas da tarde e do verán tardío -sosegado, descendente … a preparación da colleita, baixar o ritmo un momento para coller forza para a nova etapa de actividade. Exemplos: solo, area, obxectos de cerámica y terracota…É una enerxía moi tranquila e suave, que ten moito que ver coas relacións humanas. As cores son as da terra (amarelo, laranxa, marróns, ocres) .

Metal: A enerxía de metal está caracterizada pola enerxía da tarde, do anoitecer e tamén do outono, cando todo volve a contraerse, a xuntarse, a concentrarse, a solidificarse (como un froito se contrae ata converterse en semente). Serian os elementos feitos de metal, as columnas ou pilares. O metal é a enerxía da autoridade e dos lideres, da xenerosidade e o desfrute dos praceres da vida (a festa da colleita). É o son e a música. A cor é o branco e todos os metalizados.

Auga: Representa o inverno e a noite. É o tempo do descanso, de durmir e da tranquilidade. Tamén a enerxía do oculto, do escuro, do húmido. Das emocións, a comunicación, as viaxes e o fluír. A contén a auga en todas as súas manifestacións, as formas curvas, o cristal,... As cores da auga son o negro e todos os azuis (salvo o ceo moi claro, que se considera lume).

Estes cinco elementos relaciónanse entre si en dous ciclos principais, o **de creación e o de destrución**; o ciclo de creación refírese a como cada elemento aluma ou da vida ó anterior (tal como amosan as frechas da imaxe anterior) igual que as estacións sucédense e as horas do día tamén o fan, sempre do mesmo modo; por outra banda, o ciclo de control ou destrución amósanos que cada elemento, ten outro que o controla evitando o seu exceso (auga apaga o lume, terra embalsa a auga, metal corta madeira, madeira enraíza á terra e lume derrete metal).

Nunha situación de equilibrio todos os elementos están relacionados entre si, creándose e destruíndose, nun ciclo infinito. Os problemas poden xurdir cando un elemento crece de forma esaxerada, hai un control excesivo sobre algún, etc..... É aí onde podemos xogar coas cores, as formas, facer cortaventos, baixar a altura dalgunhas árbores, plantar arbustos facendo formas, drenar o terreo e un longo etc. que será expresado en cada lugar da forma necesaria para acabar o máximo equilibrio que as circunstancias permitan.

d) Escola da forma e escola do compás

Neste arte ou tecnoloxía da paisaxe temos dúas formas moi diferentes de analizar un lugar: por unha parte a organización respecto do entorno, as formas concretas que ten e o rodean, a forma en que se distribúe dentro do espazo. Por outra banda, a orientación exacta do lugar e a influencia dos puntos cardinais, que determinan as horas de sol, como recibe o vento e un longo etc. Son dous aspectos moi diferentes pero que traballan en conxunto, e reciben o nome de a **escola da forma** e a **escola do compás** respectivamente.

Na primeira estudiamos a forma en que a parcela se organiza no espazo, respecto á paisaxe. Tamén temos en conta se a "forma" en que colocamos os diferentes elementos do xardín, se van ben coas necesidades prácticas, reciben a atención visual na liña que nos precisamos, etc.…se as formas son harmónicas, suaves, relaxadas ou pola contra agrestes, feas e mal organizadas. As formas que crean as especies vexetais, as formas dos camiños, as formas da vivenda, as formas dos estanques en caso de telos....
É a parte do Feng Shui máis aberta á interpretación.

Na segunda, a partir dun dato medible e exacto tomado cun compás, vamos aplicando unha serie de "ecuacións" que nos axudan a comprender como é a enerxía exacta do lugar: a analizamos dende un punto de vista moi pragmático, no senso de que o norte, o sur, o leste...teñen unhas características en si mesmas que non mudan, que son o que son. O sol sae e se pon do mesmo xeito sempre.
Para poder traballar con esa información, represéntanse as diferentes forzas da natureza e as direccións con números, que son usados para analizalas, do mesmo xeito que o faríamos nunha fórmula matemática, pero outorgándolles significados extra que logo nos darán unha conclusión.

ESCOLA DA FORMA. A TEORÍA DOS CATRO ANIMÁIS

Como indicamos antes, a escola da forma no Feng Shui interpreta e explica as formas da paisaxe e a forma en que se asenta un edificio ou o propio xardín no terreo. Fálanos da forma en que se poden dispoñer os diferentes elementos dun xardín ou vivenda en relación a súa forma concreta, altura, disposición, posibles debuxos ou camiños, etc.…

Se estudiamos a entrada dun lugar (a súa "boca") e o como se distribúe o espazo podemos descubrir se está ou non correctamente deseñado para obter a máxima cantidade de chi, retelo e permitir a circulación sa do mesmo.

Existe un patrón básico que normalmente presentan os lugares que están en bo equilibrio das formas, que se explica moi facilmente co seguinte símil: imaxinamos unha butaca e que nós estamos sentados nela. A parte á cal miramos a temos despexada, temos as costas cuberta e nos laterais dous brazos que nos permiten estar descansados e ao mesmo tempo podemos traballar coas mans. Nunha vivenda, deberíamos ter unha parte para a cal miramos, preferiblemente coincidindo coas mellores vistas e/ou a carreteira principal, ter una parte cuberta que nos de cobizo e onde se asente a finca, e dous espazos laterais que aporten certa protección visual e tamén real (dos ventos por exemplo) acorde a dualidade (non son iguais, senón que unha parte é algo máis alta ca outra, como pasa nos conceptos yin e yang) .
Este concepto é o que coñecemos como **"teoría dos catro animais"** :

- Tartaruga: sería o forte e protectora casca que protexe fronte aos inimigos. Da unha sensación de respaldo e seguridade. Unha persoa, precisa a súa maior protección nas costas pois non temos ollos para poder ver o perigo. Do mesmo modo, unha propiedade precisa un lugar onde asentarse que ademais aporte una protección sólida. A tartaruga representa a montaña na que o vento frea para depositar a auga en forma de choiva. Fala da capacidade de reter esa enerxía, de aforrar. Da protección na vida, da familia que nos da soporte e nos nutre, as costas das persoas, da forza persoal.

- Fénix: sería o espazo despexado situado na parte oposta á tartaruga; é o lugar que debería ter máis vistas e a porta de entrada, para poder recoller e absorber esas novas oportunidades que trae o vento ou para deixalas pasar se preferimos. Axuda a nosa capacidade de visión e capacítanos para mirar cara diante na distancia e no tempo, o que axuda coa planificación a longo prazo. Permítenos ver os nosos "inimigos" e estar preparados, o lume, as nubes….permite abrir a mente.

- Dragón: está situado na parte esquerda da tartaruga (sería o hemisferio esquerdo do cerebro). Representa a enerxía masculina como arquetipo. É o lado la lóxica, da acción, do traballo, da organización, das finanzas. Pola súa calidade de representar a enerxía yang, debería ser un pouco máis alto que o lado contrario (yang – alto).

- Tigre: situado á dereita da tartaruga (hemisferio cerebral dereito). Representa a enerxía feminina como arquetipo. É o lado da creatividade, das relacións persoais, da emotividade, da vida interior, da imaxinación, da intuición. En relación có Dragón, debería ser un punto máis baixo (pola súa calidade de yin – baixo)

Tigre e Dragón serían en conxunto, os dous brazos cos que nos movemos no mundo, cos que facemos as cousas, traballamos, comemos, etc.… van sempre xuntos e deben estar en equilibrio, igual que falábamos da importancia do equilibrio yin-yang.

Tartaruga e Fénix forman tamén un conxunto que debe estar en equilibrio, pois do contrario teríamos un lugar demasiado aberto e exposto ou demasiado cerrado e bloqueado.

ESCOLA DO COMPÁS. AS OITO DIRECCIÓNS

Falaremos un pouco agora das calidades das oito direccións e a súa vinculación coas forzas da natureza para comprender que potenciaremos no noso axardinamento.

- **Norte**: o norte é o lugar da noite, do frío, da ausencia de luz; nel reside a enerxía onírica, interna, escondida. O elemento auga está aquí, o inverno. Se temos un exceso de auga neste lugar ou estancamento, bloqueo e cerrazón, podemos ter problemas nos órganos reprodutivos, os oídos, dor lumbar ou de riles.

  Precisamos ter o norte aireado, luminoso e limpo para que non se bloquee un lugar que non recibe a luz do sol de forma directa.

- **Nordeste:** a enerxía do nordeste en calidade de terra seca, forte, como unha montaña. É o lugar por onde sae o sol en verán, o nexo entre o día e a noite. Para moitas culturas, esta dirección ten un cariz espiritual porque é xusto por onde aparece o primeiro raio de sol no solsticio de verán e inda que é terra en si mesma, relaciónase co amencer e o arranque da enerxía de madeira.

  Se pode ser neste lugar potenciaremos o vermello e teremos coidado cos ventos que veñan desta dirección.

- **Este:** temos aquí a madeira, o inicio dos proxectos, os estudios, o arranque da acción. Nesta parte da propiedade e bo potenciar o dinamismo, a apertura e a apertura para que poidan chegar os novos proxectos.

  O fígado é o órgano que aparece presentado no este, que pode colapsar tanto por falta de enerxía como por exceso de traballo.

- **Sureste:** é tamén enerxía de madeira pero menos rápida e máis constante; é como unha brisa produtiva fronte á revolución que leva aparellada o este.

  Está moi relacionado coa chegada de oportunidades e a prosperidade económica. É unha enerxía creativa e suave, que potencia as relacións harmoniosas e sereas.
  No xardín e moi bo lugar para colocar estanques e piscinas así como para ter aquí a porta de entrada. Establece una conexión positiva entre a chegada de oportunidades rápidas (este) e a concreción con éxito de estas (sur).

- **Sur:** O sur é o sector que ten que ver co lume, polo que relacionase co éxito, a luz, o calor nas relaciones e a frutificación do traballo, por dar estabilidade á enerxía da madeira que ven do leste e o sureste.

Problemas neste sector poden repercutir no corazón, intestino delgado, circulación e equilibrio neuronal (o cerebro en xeral).

- **Suroeste:** relaciónase coas primeiras horas da tarde, o momento no que o sol baixa de forza e deixa paso a un calor máis tranquilo e decrecente. É tamén o elemento terra, o arquetipo da nutrición e o alimento. O útero e o estómago relaciónanse con este lugar.

  Todo é máis lento, como na hora da sesta. As persoas desfrutan da sobremesa e fan a dixestión mentres collen forzas para afrontar as actividades da tarde.

- **Oeste:** indica a chegada do metal na súa calidade yin ou feminina. Relaciónase coa alegría do final de do verán, a festa da colleita, o desfrute da vida e a chegada a casa despois dun traballo ben feito.

  Un bo lugar para relaxarse e descansar, tocar música e estar con amigos e familiares nun clima agradable. Tamén o sería para traballar porque inda que o metal ten unha vertente lixeira e divertida tamén pode ser o elemento máis concentrado, estruturado e prolífico. Non en vano, o metal é o material máis reutilizable e podemos facer con él instrumentos, xoias, armas, útiles de traballo, etc.

- **Noroeste:** nel reside a forza más poderosa, o líder que sostén o peso de todos os demáis; é o metal yang. A organización, a sabedoría e a madurez de espírito. Considérase a porta do ceo e o lugar onde tradicionalmente podíamos ter un espazo de meditación (tamén no Nordeste).

  Un desequilibrio no oeste e no noroeste pode provocar inestabilidade e problemas nos órganos de metal (pulmóns, intestino groso e pel). Son lugares que queremos ter iluminados e bañados polo sol, posto que o metal para non enferruxarse e poder brillar con forza, precisa cerca cantidade de lume.

Estes conceptos son só a punta do iceberg deste antigo coñecemento, pero servirá para comprender o porque das recomendacións que faremos no deseño deste xardín. Mostra a visión que ten o Feng Shui do medio ambiente: un espazo vivo en relación directa co ser humano, que non pode ser visto como algo inerte, externo ou desconectado do home.

Non se trata de crer ou non nel, posto que non é unha disciplina relixiosa, senón de comprender os seus principios para saber se poden aportarnos algunha idea. Quedémonos con que sobre todo apela ó senso común e á necesidade de observar antes de actuar, para logo poder tomar as decisión adecuadas e sempre acordo as leis da natureza. Por isto cada vez máis persoas queren incluílo nas súas vivendas como axuda para potenciar a saúde e o desenvolvemento harmónico da vida.

DESEÑO DO XARDÍN E ZONIFICACIÓN EN LUGAR DE CONGOSTRAS 26

Esta finca representa un caso diferente dos estándares, por ter a tartaruga e o fénix invertidos; e dicir, a parte dianteira da finca e da vivenda está máis cuberta que a parte de atrás, tendo incluso unha lixeira pendente descendente cara ese lado.

Segundo os datos obtidos co compás, sitúase no eixe 267^{o}O-87^{o}E. Esta medida aporta que ten máis forza ou é máis "alto" tamén na parte dianteira que na traseira. Por esta coincidencia onde tanto a forma como o compás sitúan a parte máis forte na parte dianteira, mentres que a parte traseira e máis lixeira e móbil, podemos considerar que se trata dunha propiedade coñecida na teoría como "*site empty, facing full*" ou "parte traseira valeira, parte dianteira chea".

A imaxe que ilustra esta tipoloxía é como un mamífero que vive nas árbores, un mono ou un koala, que vive aferrado o tronco da árbore pero cos ollos móbiles cara atrás. É unha característica que pode traer grandes beneficios precisamente pola súa singularidade, sempre que saibamos como sacarlle proveito e este será precisamente, o obxectivo desde estudo de Feng Shui.

VISIÓN DA ESCOLA DA FORMA

Como explicabamos no apartado anterior, esta casa ten unha configuración particular que pode ser vista como algo favorable. Por este motivo, reforzaremos esta tendencia natural do espazo cun peche vexetal adecuado en cada sector e mantendo a altura das especies vexetais acorde as necesidades.

Neste caso a parte máis despexada, con mellores vistas e con mellor insolación, sería a cara oeste da parcela. Aproveitaremos para darlle vida, poñer a piscina, un pequeno escenario para facer concertos con amigos e a zona de relax.

O peche vexetal estará feito en toda a parcela con *Ligustrum vulgare* (ligustre) que ten floración branca e cambiará a súa altura segundo as necesidades concretas; neste lado non será demasiado alto para non tapar as vistas (1,50m). De todas maneiras, como temos unha pendente descendente moi suave e ademais bastante espazo dende a casa, a sensación de apertura manterase.

En canto á vivenda, actualmente o salón está situado mirando cara á estrada (parte este da vivenda) e o dormitorio no oeste. O estudio contempla facer unha reforma completa da casa poñendo na parte traseira o salón cun acceso ó exterior para poder desfrutar desta parte do xardín sen ter que dar a volta completa á casa, unindo a cociña (que está no norte) co salón nunha estancia e facendo un cuarto secundario pequeno. O baño conectaría co dormitorio principal e tamén co pequeno distribuidor, de maneira que iríamos a favor do que pide a parcela: aproveitar as vistas despexadas e a luz do sol polas tardes, que na nosa latitude é cando máis se aproveita.

Aínda que a reforma da vivenda non é obxecto deste proxecto, teremos en conta estes cambios para poder adecuar o xardín a nova distribución do espazo.

A parte dianteira da parcela (Este) coincide tamén coa porta principal da casa; como explicamos anteriormente reforzaremos a característica da “parte dianteira chea” nesta propiedade dándolle 2m de altura ó peche vexetal, conseguindo ademais unha maior protección visual e tamén real (posto que linda coa estrada e por outra banda, o vento do nordés bate por este lado).

Faremos un espazo pavimentado diante da casa, que funcionará a modo de terraza de usos varios e como zona de aparcamento, en dúas zonas diferenciadas que se explicarán en detalle no seguinte apartado.

A zona que se corresponde co “brazo da enerxía masculina” (dragón) ten moitas posibilidades de mellora respecto a situación inicial, pois proxectamos facer unha zona de churrasquería e unha pérgola para xantar, ademais de colocar un escenario para facer concertos e plantar dúas árbores de grande beleza e impacto visual: Liquidambar e Teixo. As árbores que xa estaban nesta zona (un castiñeiro e dúas nogueiras) proporcionan bo amparo do vento e tamén da visión da estrada, que permite ter unha finca con bastante intimidade. A altura proposta para o aligustre será 1,70m pero que irá rebaixando a altura progresivamente ata chegar ó 1,50m do linde oeste.

A parte contraria da parcela (sur) é a que coñecemos como Tigre ou “brazo feminino”. Nela está situada a entrada do exterior e faremos un camiño de baixada que conecte coa parte traseira da parcela, tendo acceso á casa, a zona da piscina e a zona de horta, situada na esquina SO.

Baixando polo camiño na parte esquerda, potenciaremos a presenza de froiteiras de baixo porte (para que non sombreen a piscina) que serán maceira, figueira e ameixeira, sumándose á camelia que existía xa nesa zona.

O peche será o suficiente para dar intimidade dende o camiño (1,70m) rebaixando a altura ata chegar ó 1,50 lo linde contiguo como pasaba no caso anterior, e non se permitirá que as especies aquí situadas suban moito en altura xa que pretendemos equilibrar a altura respecto o dragón (que se vexa algo máis baixo), evitando ademais xerar sombras innecesarias na zona de relax.

ORIENTACIÓN ESPECÍFICA E TÉCNICAS DA ESCOLA DA BRÚXULA

Respecto a orientación exacta, como indicamos antes aséntase nos 267º oeste. Fálanos dunha enerxía activa no referente ó metal, pois recae practicamente no oeste puro, onde a enerxía da tarde e por tanto deste elemento, está máis forte e representada.

Unha vez obtido o grao de asentamento da parcela, imos sacar as conclusións que nos axudarán a ver cales son os puntos a reforzar e como facelo a través dos diferentes elementos reais e simbólicos.

- Xeneralidades:
    - Os camiños que conectan as diferentes zonas do xardín, estarán feitos con lousas integradas no chan e rodeadas de céspede, sendo un material que conecta ben co deseño, tanto en cor coma en textura. Non se considera importante que teñan certa tendencia a esvarar posto que a pendente do terreo é mínima e a forma de colocar as lousas integradas será disposta para evitar dar pasos demasiado grandes e inestables.
    - As zonas que non estean pavimentadas ou non sexan camiños, parterres e zona de horta, estarán plantadas cunha pradería de baixo mantemento e resistente á pisada.

- Zona da entrada (SE): É a zona de acceso á finca. Potenciaremos os elementos metal e terra para que o elemento madeira desta zona estea máis equilibrado.
    - O portalón de entrada é rectangular, de metal e tupido. Non é preciso cambialo, posto que está en bo estado.
    - O pavimento será adecuado para poder introducir os coches na parcela. Elixirase formigón impreso, facendo forma semicircular en cor beixe (o máis preto posible ó branco).

- Zona construída e arredores:
    - Propoño pintar a vivenda de cor verde turquesa, xa que combina moi ben coas cores e materiais que estarán nos camiños e zonas pavimentadas e fomenta os elementos auga e madeira que son favorables no centro da parcela nesta orientación concreta.
    - Farase unha beirarrúa con formigón impreso en cor claro de 1m de ancho todo ao redor para facilitar ó acceso as ventás, paredes, etc….e tamén para protexer da humidade a vivenda, cos seus desaugadoiros correspondentes.
    - A ambos lados dos camiños da porta principal e da porta de atrás da vivenda, faremos macizos vexetais, plantando especies vistosas que axuden a enmarcar ben as entradas e facer unha boa benvida: na parte de diante colocaremos

macetas grandes de madeira tratada contra a intemperie onde plantaremos xeranios de diferentes cores.
Na parte traseira, máis soleada, colocaremos romeiro combinado con dous tipos de breixo creando un espazo vistoso e con floracións en diferentes épocas do ano.

- Nas outras dúas fachadas, bordeando a vivenda a carón da beirarrúa, plantaremos arbustos ornamentais: hebe e berberis na fachada sur e azalea combinada con blechno e un fieito arborescente (*Cyathea cooperi*) na parte norte.

- Zona dianteira da vivenda (E): Nesta zona como xa comentamos no apartado anterior, manteremos o peche tupido e alto para aumentar a sensación de protección. Precisamos ademais potenciar os elementos auga e terra (mediante cores e formas). Como é o lugar por onde se accede a vivenda, todo debe estar despexado, recollido, accesible. Xerar unha sensación de orde e limpeza para "atopar ben" a porta, polo que pavimentar parte desta parte da parcela é normalmente unha boa opción, axudando a que sobre todo no inverno teña bo aspecto e a que as persoas non leven moita sucidade nos pes ó entrar nela.

    - Usaremos formigón impreso para realizar no chan outra zona pavimentada, ó carón da anterior, con forma semicircular tamén pero de cor gris escuro (case negra) que combinará co material dos camiños (lousa). A imaxe de ambas xuntas, será como dous círculos no chan superpostos, un branco e outro negro.
      Será usada como terraza de usos múltiples: para colocar unha mesa con cadeiras ou sofás de exterior, posible zona de xogos, etc.…
      Estará conectada coa vivenda por un camiño de lousas.

- Esquina NE: Temos un castiñeiro moi vistoso que fai un espazo recollido e agradable debaixo del. Por este motivo, o aproveitaremos como lugar para colocar unha hamaca, zonas para sentarse...

    - Farase no chan unha forma circular, debuxada coa pedra que se recollerá na finca durante a preparación do terreo. Será un terceiro círculo pero sen pavimentar, que axudará a enmarcar a árbore e dará presencia a ese recuncho do xardín.
    - Estará correctamente iluminado para potencialo nos seráns dos meses que anoitece cedo, con focos que alumeen dende abaixo e potencien a súa figura.

- Zona da churrasquería e pérgola (N): É un bo sitio para colocar lume real na parcela, tanto no referente ó Feng Shui (que nos indica que debemos potenciar este elemento no Norte por ser o lugar máis frío) como pola súa proximidade á vivenda e a entrada da parcela.

- Poremos unha churrasquería teitada coincidindo co linde. No chan, teremos un espazo pavimentado con formigón impreso de 2x3m.
- Colocaremos unha pérgola que terá debaixo chan de formigón impreso de cor vermello e forma circular de 6m de diámetro. A estrutura será feita en madeira tratada e resistente á intemperie.
- Colocarase unha mesa de madeira e metal con cadeiras a xogo, de medidas afíns á pérgola e que permitan deixar algo de espazo libre para ter a posibilidade de instalar mesas auxiliares en días especiais ou outro mobiliario accesorio.
- A carón da vivenda na fachada norte, aproveitaremos un recuncho que queda sombreado para colocar fieitos arborescentes creando un currúncho especial e moi vistoso.

- Espazo musical - Escenario (NW): Neste espazo faremos un lugar para música en directo. É un lugar moi adecuado tanto no referente a estrutura desde xardín como por estar situado na parte noroeste da parcela que xunto có oeste, é o lugar por onde se pon o sol, invitando as reunións con amigos, á música e a tomar algo na zona relax.

    - Colocarase un escenario de madeira tratada e resistente á intemperie de 3x5m que consistirá nunha tarima de madeira fabricada por un carpinteiro para tal fin e que poderá ser usada para outras actividades. Non se terá teitado de forma permanente pero poderá colocarse unha carpa desmontable para os momentos en que sexa preciso protexerse do sol.
    - Estará correctamente iluminado con focos de escenario con pe que se enchufaran na propia tarima, que terá instalación eléctrica preparada para conectar os instrumentos e luces que se utilicen durante os concertos.
    - Na parte traseira do escenario, para axudar a enmarcar o espazo visualmente, plantarase un exemplar de *Liquidambar styraciflua* e un *Taxus baccata*.
    - Entre este sector e a piscina, plantaranse un granado e un limoeiro para separar lixeiramente ambos espazos e con fins paisaxísticos.

- Piscina – zona relax (O): É un bo lugar para colocar o elemento auga nesta parcela concreta e tamén en xeral, posto que non xera exceso de humidade como podería facer en lugares máis fríos e escuros. Por este motivo, aproveitaremos para poñer a piscina. Neste lugar recibe o sol directamente sen sombras excesivas.

    - Manterase a pradería para ser usado e pisado.
    - Contra o linde da finca nesta zona oeste, farase un espazo de plantación con forma semicircular de 16x2,5m (na parte máis ancha), separado do céspede por lousas que sobran de por o camiño, enterradas lixeiramente e sen elevar o terreo para a plantación. Delimitará a zona de plantas aromáticas (tomiño, lavanda, salvia, ourego, menta e menta chocolate) e algunha outra especie como physalis, framboeseiro e caléndula, que terá xunto coas aromáticas a función de planta trampa para pragas, aproveitando a proximidade da horta.

- Froiteiras e horto de libre disposición (S-SO): Teremos unha zona dedicada ás froiteiras de baixo porte e a zona de horta. É un espazo moi adecuado posto que ademais de recibir a insolación correcta para os cultivos, pode accederse directamente dente a porta de entrada á finca, o que resulta moi útil en caso de ter que usar nela maquinaria agrícola.
  Curiosamente a dirección suroeste correspondese co elemento terra segundo as directrices do Feng Shui e relaciónase por tanto coas relación entre persoas, o alimento físico (o estómago) e a enerxía da "nai" que pode asociarse simbolicamente coa nutrición (tal como o faría alimentando o seu bebe). Colocar aquí a horta parece por tanto, o lugar ideal.

    - Plantaremos algunhas froiteiras de baixo porte (maceira, ameixeira, figueira) seguindo a liña do peche da parcela (S).
    - Limitaremos un espazo para facer horto, seguindo a tendencia das formas semicirculares, mediante peche de madeira tipo "valo" a 1m de altura, facendo un recinto separado do resto do xardín.
    - Dentro deste recinto, colocaremos unha caseta para as ferramentas de 3x3m, que servirá para gardar os apeiros e outros materiais para o coidado do xardín.
    - Na zona esquerda segundo a dirección de baixada, reservaremos unha zona libre de sombra no posible para colocar o tendal da roupa.